

## **MEMORIA DO ANO 2000**

Dende que en 1984 fora creada a Federación de Cineclubes de Galicia, esta ven desenrolando unha serie de actividades que lle son propias, e outras que baixo a súa coordinación, organización e patrocinio veñen sendo desenroladas polos cine clubs que a integran.

Gran parte destas actividades vense ampliadas a concellos, asociacións culturais, asociacións de veciños, etc.

Moitos foron os encontros, reunións, congresos que se desenvolveron no ámbito estatal e mesmamente en outros países europeos e aos que se teñen asistido e participado con diferentes ponencias nas que se poñía de manifesto a realidade cultural cinematográfica galega e contribucións para o seu desenvolvemento e proxección cara ao exterior.

Dentro dos habituais encontros cos responsables da Federación Portuguesa de Cineclubes, chegouse á conclusión, entre outras, da necesidade de crear un certame con carácter anual que sirva de proxección ás obras do cine independente e sobre todo aquelas realizadas polos xoves pertencentes ás escolas de imaxe de Galicia e Portugal. Ao mesmo tempo, preténdese que sirva como lugar de reunión, debate e intercambio de ideas de xente con máis experiencia no eido cinematográfico e os novos realizadores, técnicos, actores, etc.

Todo elo co único fin de promover e divulgar a nosa cinematografía conscientes das verdadeiras dificultades da súa exhibición nos canles habituais.

Consideramos necesario destacar as seguintes actividades que se realizan baixo a coordinación e financiación da Federación de Cineclubes de Galicia:

### **CICLOS CONXUNTOS**

Integrados por unha serie de películas seleccionadas para proxectar rotativamente no maior número de cineclubes posible. Con isto preténdese a redución dos custos das películas. Estes ciclos teñen carácter trimestral e son subvencionados pola Federación de Cineclubes de Galicia. No ano 2000 os filmes seleccionados foron:

- Hoxe empeza todo
- Eva e Adán
- Hana— bi
- A vendedora de rosas
- Espertando a Ned
- No corazón da mentira
- Todo sobre a miña nai

- Arde amor
- O violín vermello
- Medo e asco en Las Vegas
- A viaxe de Felicia
- Così ridevano
- A ducha
- Ataque verbal
- Citizen X
- O verán de Kikujiro
- Solas
- Munford
- The five senses
- Unha historia verdadeira
- As virxes suicidas
- O mar
- Tres estacións
- Buena Vista Social Club
- American Beauty
- The acid house
- A vida é asubiar

Nestes ciclos participaron os seguintes cineclubes:

- Cineclub Padre Feijoo de Ourense
- Cineclub Adega de Vilagarcía
- Cineclub Cangas de Cangas de Morrazo
- Cineclub Lumiere— Vigo de Vigo
- Cineclub Pontevedra de Pontevedra
- Cineclub O Castelo de Allariz
- Cineclub A Calexa de Monforte
- Cineclub Carballiño de O Carballiño
- Cineclub Claqueta de Redondela
- Cineclub Groucho Marx de O Barco

## **SEMANAS DE CINE**

Organizadas polos cine clubs coa colaboración e financiación da Federación de Cineclubes de Galicia. Pola súa transcendencia en cada localidade debido o seu variado contido e calidade na organización, dende que comezaron a celebrarse, hai xa algúns anos, veñen acadando un gran nivel de aceptación, xa que as películas e actividades realizadas son de grande interese incluíndo, frecuentemente, encontros e debates nos que participan personalidades relacionadas cos medios audiovisuais así como a realización de talleres de imaxe.

No ano 2000 celebráronse Semanas de Cine en:

### **Cineclub Adega**

No ano 2000 o Cineclub Adega celebra dentro do marco da Semana de cine o seu vintecinco aniversario. Os filmes elixidos foron:

- A lenda do pianista no océano
- Acordes e desacordos

- Sei quen es
- Unha historia verdadeira

### **Cineclub Os Papeiros**

Por cuarta vez dende que se fundou este cineclube, no ano 2000 organizou unha Semana de Cine en 35 mm ao ar libre. Para que isto fora posible se trasladou o proxector portatil co que conta o Cineclube Pontevedra a Chantada e se montou unha pantalla xigante nas que os veciños da poboación poideron disfrutar vendo as seguintes películas:

- Espertando a Ned
- The boxer
- Tocando o vento
- Bufo gris
- Lalia
- Isolina do Courel
- O desexo
- O párroco embaucado
- O matachín
- Mamasunción

**Cineclub Lumiere— Vigo:** Organiza no mes de decembro unha Ciclo de Cine Erótico no que se incluíron títulos como:

- Festival erótico de Nueva York
- Perversións de muller
- Romance X

**Cineclub Claqueta:** No ano 2000 organiza a séptima edición da Semana de Cine de Redondela (SEDECINE 2000). As películas proxectadas nesta ocasión foron:

- Krampack
- Chicken run
- Red violín
- Toy story 2 (cine infantil)
- Curtametraxes da emigración galega restauradas polo CGAI

### **Cineclub Pontevedra**

**Cineclub Groucho Marx:** entre os días 1 e 10 de setembro de 2000, ten lugar a XI Semana de Cine organizada polo cineclub Groucho Marx. Nesta edición estivo integrada polos seguintes ciclos:

- Ciclo Cine Español:
  - Yoyes
  - O mar
  - Sei quen es

- Ataque verbal
- Pidelle contas o rey
- Ciclo Cine de Actualidad:
  - As cinzas de Anxela
  - Unha historia verdadeira
  - A lenda do pianista no oceáno
  - As virxes suicidas
  - Acordes e desacordos
- Ciclo Cine Infantil e Xuvenil:
  - A princesa Mononoke
  - O corazón do guerreiro
  - O xigante de ferro
  - Raluy, unha noite no circo
  - Historia dunha gaivota ( e o gato que a ensinou a voar)

**Cineclub Alexandre Cribeiro:** en xullo de 2000 organiza a I Semana de Cine baixo o título “Clásicos do Cine Mudo”. Os títulos seleccionados foron:

- A paixón de Xoana de Arco
- Nosferatu, o vampiro
- Un sombreiro de palla de Italia
- O Cativo
- Metrópolis

**Cineclub A Calexa:** Por primeira vez, dende a súa creación, iste cineclub organiza no mes de outubro de 2000 a 1ª Mostra de Cine de Monforte. O seu programa incluía tanto longametraxes coma curtametraxes:

- O talento de Mr. Ripley
- Ataque verbal
- Unha historia verdadeira
- Os sen nome
- Última estación
- Aquelarre
- Sandra

**Cineclub Carballiño:** XOCIVIGA 2000

## **SEMINARIO INTERNACIONAL CINEMA E REXIÓNS:**

Organizado pola Federación Portuguesa de Cineclubes, este Seminario que tivo lugar os días 25,26 e 27 de febreiro de 2000, contou coa presenza de representantes do audiovisual galego entre os que se atopaban:

- Directores de cine (Raúl Veiga)
- Director da Escola de Imaxe e Son de A Coruña (Pepe Barba)

— Representantes da Universidade (Xosé M<sup>a</sup> Folgar)  
— Representantes da Federación de Cineclubes de Galicia (Anxo Santomil, Angel García).

Iste encontro no que participaron Portugal, España, Itália e Francia tiña como obxectivos:

- 1.— Sensibilizar os cinéfilos e profesionais do cinema da importancia da contrición do cine e audiovisual para a creación dunha identidade cultural propia de unha rexión.
- 2.— Identificar a industria do audiovisual como un factor importante da creación e riqueza a nivel rexional.
- 3.— Valorizar as potencialidades da zona metropolitana de Porto na creación de produtos audiovisuais.

O programa foi o seguinte:

Día 25

16.00h: Recepción dos participantes  
21.00h: Sesión de apertura  
22.30h: Sesión de Cine

Día 26

10.00h: DEBATE  
Estado da creación audiovisual no Norte do País e inventariado dos recursos  
11.30h: DEBATE  
Situación existente nas rexións participantes (Outros exemplos europeos)  
15.00h: DEBATE  
Pode ser a área metropolitana de Porto un gran centro de produción audiovisual?  
17.00h: DEBATE  
Encuadramento legal do audiovisual  
18.30h: DEBATE  
Recuperación do Patrimonio Audiovisual a nivel rexional  
22.00h: Sesión de Cine

Día 27

10.00h: Conclusións e clausura  
15.00h: Sesión de Cine

**CINE CLUB ADEGA  
MEMORIA ANO 2000**

O Cineclub Adegas, situado en Vilagarcía de Arousa, foi fundado no ano 1976. Dende entón, mantén unha programación regular proxectando unha película por semana.

No ano 2000 realizou as seguintes actividades:

**Ciclo Historia do Cine:** Dende o ano 1994 o Cineclub Adegas adica unha sesión mensual a proxectar unha película significativa dentro da Historia do Cine. No ano que nos ocupa os títulos seleccionados para este ciclo foron os seguintes:

- Eva o desnudo
- Sacco e Vanzetti
- O terceiro home
- Otelo
- O derradeiro tango en París
- O home invisible
- O home elefante
- Rufufú

**Ciclo a muller no cine:** Iste ciclo levase a cabo en colaboración coa Concellalía de Muller do Concello de Vilagarcía. Tódolos anos adican o mes de Marzo a programar películas relacionadas coa muller para conmemorar o Día da Muller Traballadora. No ano 2000 o ciclo estivo integrado polos seguintes filmes:

- Mulleres insumisas
- Agnes Browne
- Claire Dolan

**Semana aniversario:**

- A lenda do pianista no Océano
- Acordes e desacordos
- Sei quen es
- Unha historia verdadeira

**Programación variada:**

- Os lobos de Washington
- Hoxe empeza todo
- Bulworth
- Eva e Adán
- Rosetta
- Buena Vista Social Club
- Mifune
- Under the sun
- Arde amor
- Goya en Burdeos
- Adeus a inocencia sexual
- O verán de Kikujiro

- Così ridevano
- A ducha
- Ataque verbal
- A viaxe de Felicia

Trimestralmente editan, para entregar os seus socios, un programa de man con toda a información referente a programación prevista do cineclub.

**CINECLUB LUMIERE— VIGO**  
**MEMORIA ANO 2000**

Na primavera de 1993 nace na cidade de Vigo o Cineclub Lumiere— Vigo, o que supuxo recuperar para a cidade olívica unha actividade que non tiña continuidade dende o ano 1982, data na que desapareceu o último dos cineclubes vigueses dos anos setenta.

Dende o primeiro momento mantén unha programación regular dunha película semanal.

En cada sesión entregan os socios un tríptico coa programación mensual e unha folla informativa correspondente a película dese día.

No ano 2000 proxectaron os seguintes filmes:

- O derradeiro combate
- Eva e Adán
- O prisioneiro das montañas
- Espertando a Ned
- Azúcar amarga
- Looking for Richard
- Oscar e Lucinda
- Sacco e Vanzetti
- O efecto dominó
- O poder dun deus
- Doce Emma, querida Bobe
- Un verán na Goulette
- Rosetta
- A vendedora de rosas
- ¿Lembraste de Dolly Bell?
- Ghost dog
- O amor é o demo
- Fraude
- Caravaggio
- Pi
- Mifune
- Divorcing Jack
- O home do carriño
- O trío
- O vento nos levará
- West Beirut
- A golfa
- Summer of Sam
- O violín vermello
- Pink flamingos
- Citizen X
- Memoria e desexo
- A ducha
- Encontros nocturnos
- O home elefante
- Hurricane Streets



- Un día de tódolos días
- Buffalo 66
- A paixón de Xoana de Arco
- A viaxe de Felicia
- Henrique V
- Cousin Bette
- Reflexións dende o sotano
- A balia
- Kanzo sensei
- Rufufú
- Festival erótico de Nueva York
- Perversións de muller
- Romance X

O cineclub Lumiere— Vigo, fixo ademais colaboracións durante o ano 2000 coas seguintes entidades:

- De xaneiro a decembro, coa Alianza Francesa de Vigo, unha película francesa ó mes.
- Tres ciclos de cine temático coa Universidade de Vigo.
- Ciclo de cine e arquitectura coa delegación do Colexio de Arquitectos de Vigo
- Dous ciclos de cine coa Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.
- Un ciclo de cine coa Concellería de Cultura do Concello do Porriño.
- Un ciclo de cine coa Asociación Erguete-Integración de Vigo.

## **CINE CLUB CARBALLIÑO**

### **MEMORIA ANO 2000**

O longo do ano 2000 o Cineclub Carballiño fixo unha laboura de difusión cultural moi intensa con todo tipo de actividades: coloquios, exposicións, cursiños, proxeccións para colexios e difusión da produción galega (video, curtas e longametraxes).

A actividade que máis repercusión nos diu a nivel galego foi a celebración das XORNADAS DE CINE E VIDEO (XOCIVIGA 2000), a cal foi un éxito de participación e fixo que a meirande parte do audiovisual galego feito no último ano pasara polo Carballiño.

#### **Proxeccións mensuais:**

- Os lobos de Washington
- A vendedora de rosas
- Hoxe empeza todo
- Espertando a Ned
- Azúcar amarga
- Rosetta
- All About eve
- Ghost dog
- Buena Vista Social Club
- O neno do Chaâba
- Cando voltes o meu lado
- Os sen nome
- Santiños
- Papá está en viaxe de negocios
- Pi
- Un banco no parque
- Mifune
- Unha historia verdadeira
- Oriente é Oriente
- A lenda do pianista no océano
- Nenos do paraíso
- Marta e arredores
- As confesións do doutor Sachs
- Unha relación privada
- A viaxe de Felicia

**Cine ao aire libre:** Nos meses de xullo, agosto e setembro, coa axuda do proxector portátil de 16 mm percorremos as parroquias da comarca de O Carballiño, levando cine a sitios onde xa non se acordaban dunha pantalla grande. As películas foron:

- Sopa de ganso
- Dentro do laberinto
- O gran dictador
- Lady Halcón

#### **Xociviga 2000**

As Xornadas de Cine e Video en Galicia 2000 acadaron unha gran difusión, abarcando todo o noso país e chegando a ter referencias puntuais no resto do estado español. Fixeron posible o seu obxectivo principal: ser un punto de encontro para o sector audiovisual galego.

A produción galega foi mostrada en tódolos formatos posibles, ben en vídeo ou ben en cine, tanto curtametraxes como longametraxes, ficcións ou documentais. Ademais instaurouse o premio do público que tivo moi boa acollida entre os profesionais que acudiron cos seus traballos O Carballiño.

Ditos premios foron:

- MELLOR LONGAMETRAXE GALEGA: SEI QUEN ES
- MELLOR CURTAMETRAXE GALEGA: AMOR SERRANO
- MELLOR VIDEO GALEGO: THE LAST PATROL
- PREMIO HONORIFICO: MANOLO GONZALEZ
- PREMIO ESPECIAL: JOAQUIN JORDÁ
- PREMIO ESPECIAL: AGUSTÍ VILLARONGA

## PROGRAMA XOCIVIGA 2000

### **Cine Galego:**

Longametraxes:

- Sei quen es
- Era outra vez
- Terra de fogo
- Arde amor

Curtametraxes:

- Unha luz acendida
- Amor serrano
- ¿A ti como se che di...?
- O coxo
- Gran ganga
- Se o sei non veño

Vídeos: arredor duns 40 vídeos de produción galega procedentes de: Escola de Imaxe e Son de A Coruña, Escola de Imaxe e Son de Vigo, Escola de Imaxe e Son de Benposta e Facultade de Xornalismo de Santiago.

### **Outro Cine** (repartido en ciclos):

- Yoyes
- Alta fidelidade
- Year of the horse
- Lolita
- The million dollar hotel
- O sol do marmelo
- As pegadas borradas
- Adeus a inocencia sexual

- Monos coma Becky
- Shachy Carmine
- O terceiro home
- Corazonada
- With or without you
- O final do romance
- O mar

#### **Actividades desenvolvidas dentro do programa**

- Encontro galego-portugués de cineclubes
- Asamblea da Federación de Cineclubes de Galicia
- Conferencia Cine e Emigración
- Exposición proxectores de cine no Carballiño
- Animación infantil
- Festa-espectáculo de presentación
- Edición libro-programa con textos de cine
- Pase especial “Mamasunción”
- Edición en facsímil do guión de “Mamasunción”
- Vídeo a carta
- Cursiño de iniciación a Técnica do Cinema
- Cine para nenos

**CINE CLUB PADRE FEIJOO**  
**MEMORIA ANO 2000**

O ano 2000 foi para o Cineclube Padre Feijoo o da celebración do seu trixésimo aniversario. Con tal motivo, fixose un esforzo especial na programación con varios ciclos, dando unha especial importancia aos clásicos –o exitoso “Clásicos de Ouro” trouxo á cidade nomeadas películas consagradas que se recuperaron para a gran pantalla–, e sempre coa intención de aportar enfoques e temáticas distintos e orixinais para atraer a novos públicos. A fructífera colaboración con outras institucións, como a Universidade, non evitou sen embargo que a programación habitual seguise supoñendo grandes dificultades económicas para o Cineclube. Dificultades que se viron acrecentadas ante a perspectiva –finalmente solucionada polo momento– de non se atoparen máis repostos para o funcionamento dos vellos proxectores.

Por outra banda, este foi o ano da incorporación definitiva do Cineclube á Internet, mediante o seu sitio web, de enderezo [www.geocites.com/cineclubepfeijoo](http://www.geocites.com/cineclubepfeijoo) ( ou [cineclubepf.go.to](http://cineclubepf.go.to)), onde se accede a toda a información das actividades da entidade, cun servizo de noticias por correo electrónico. As novas tecnoloxías viñan sendo aplicadas xa para o envío de notas de prensa por e– mail a todos os medios e mais a todos os socios que así o solicitaren.

O Cineclube participou, finalmento, no Festival de Cine de Ourense na mesa redonda que co gallo do seu trinta aniversario se celebrou baixo o epígrafe de “O cineclubismo en Ourense”, e que contou co actual presidente, Alberto Llorente, o anterior, Segismundo Bobillo, e o anterior tesoureiro, José Paz.

No ano 2000 a programación do cineclube estivo integrada polas seguintes películas:

- No corazón da mentira
- Pecker
- A vendedora de rosas
- Rosetta
- O amor é o diaño
- Under the sun
- The war zone
- O vento levaranos
- Summer of Sam
- Freaks, a parada dos monstruos
- Curtametraxes de Segundo de Chomón
- A grande ilusión
- Dies irae
- Rocco e os seus irmáns
- A viaxe de Felicia
- The five senses
- A ducha

**Ciclo a Universidade co Cinema:** coorganizado co Vicerrectorado de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo, coa colaboración da Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense.

- Cinema e historia: A guerra terminou
- Clásicos de Ouro: Rocco e os seus irmáns
- Novas correntes cinematográficas: Mifuna

— Un Cinema Temático: Pi

**Ciclo Cinema e alimentación:** coorganizado coa Facultade de Ciencias de Ourense, co apoio de Caixavigo e Ourense, Caixa Galicia e a Universidade de Vigo.

- Tampopo
- A vida é dulce
- O Chef namorado
- Comer, beber, amar
- Unha gran noite
- American Cuisine

**Caricatura en Movemento:** Dentro do programa da IV Bienal de Caricatura de Ourense.

- Wallace & Gromit...e os seus amigos
- Saltamontes
- 25 maneiras para deixar de fumar

**Cinema e banda deseñada:** Dentro do programa das XII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense:

- Perfect Blue
- Supermaño na feira

## **CINE CLUB A CALEXA**

### **MEMORIA ANO 2000**

O Cineclub A Calexa de Monforte comezou a súa actividade en novembro do ano 1997. Isto quere dicir que en novembro deste ano 2000 esta agrupación cultural cumpriu tres anos de vida.

A actividade desenrolada o longo do presente ano 2000 centrouse na promoción dun tipo de cine, non comercial, que non é habitual nas salas de proxección de Monforte de Lemos.

Neste senso, dende A Calexa, pasamos ó longo do ano as seguintes películas en formato 35 mm (unha película por mes).

- Medo e asco en Las Vegas
- Hoxe empeza todo
- A vida soñada dos anxos
- Mifune
- A miña vida en rosa
- A muller máis fea do mundo
- A viaxe de Felicia

No mes de outubro tivo lugar a 1.<sup>a</sup> Mostra de Cine de Monforte na que se incluíron títulos coma:

- O talento de Mr. Ripley
- Ataque verbal
- Unha historia verdadeira
- Os sen nome
- Última estación (Curtametraxe)
- Aquelarre (Curtametraxe)
- Sandra (Curtametraxe)

Na Casa da Cultura de Monforte, en colaboración coa Delegación de Cultura do Concello, montamos, durante a segunda quincena de Outubro, unha exposición de carteis de cine recopilatoria das proxeccións do cineclub. Na mostra tamén se incluíron folletos, boletíns, e programas de man editados polo cineclub nestes tres anos de andadura.

Tamén fóra do que son as proxeccións cinematográficas, o cineclub segue a editar un boletín informativo mensual, no que, ademais da programación do mes, participan os asociados con críticas sobre películas, artigos sobre o mundo do cine e outras colaboracións.

No mes de decembro iniciu a elaboración dunha páxina web en Internet que pretende ser un escaparate da actividade da sociedade. A páxina, en construción, atópase na seguinte dirección: [Inicia.es/de/acalexa](http://Inicia.es/de/acalexa).

**CINE CLUB CLAQUETA**  
**MEMORIA ANO 2000**

O Cineclub Claqueta iniciou a súa andadura no ano 1994 na vila pontevedresa de Redondela, para contrarrestar a carencia dunha sala de cinema na comarca.

Nos primeiros anos, as proxeccións realizávanse en formato 16 mm, mais a limitada oferta de películas neste formato e o mal estado de moitas das fitas, foron determinantes para que a partir do ano 1996 as proxeccións do cineclub realizávanse en 35 mm. A posibilidade de utilizar o proxector de 35 mm da Federación de Cineclubes de Galicia foi determinante no troco de formato de película.

Desde a súa creación, o cineclub conta co apoio do Concello de Redondela que cede a sala de proxeccións (Multiusos da Xunqueira) e subvenciona parte da nosa programación.

O ano 2000 supuxo un pulo na actividade do Cineclub Claqueta, xa que por primeira vez gozamos dunha programación estable, cunha media de dúas películas por mes. As películas proxéctanse en versión orixinal.

No noso 6º aniversario, achegámonos a un dos nosos principais obxectivos: unha programación estable. A falla dunha sala de cine comercial na vila, converte as proxeccións do cineclub na única posibilidade para os veciños de aproveitar a maxia do cine.

Os asistentes ás proxeccións reciben unha folla informativa sobre o filme.

As películas proxectadas no ano 2000 foron as seguintes:

- Barrio
- Waking Ned Devine
- Niagara, Niagara
- Hoxe empeza todo
- Flores de outro mundo
- Sleuth
- Tres estacións
- A lingua das bolboretas
- East is East
- Straight story
- American beauty
- Cando volvas ao meu lado
- The acid house
- A vida é silbar
- A semente do demo

Esta programación foi posible grazas, en primeiro lugar, ós socios que apoiaron durante todo o ano as actividades da asociación.

Por outra banda, destacar a participación das seguintes institucións/asociacións que colaboraron dalgún xeito nas nosas actividades.



- Asociación de Mulleres Sanela
- Fogar da Terceira Idade de Redondela
- Chelsea English Centre
- IES Illa de S. Simón
- IES Pedro Floriani
- IES Mendiño
- Concellería da Xuventude do Concello de Redondela
- Concellería de Cultura do Concello de Redondela
- Consellería de Xuventude da Xunta de Galicia
- Federación de Cineclubes de Galicia

### **Sedecine 2000**

Como cada Nadal dende a creación do Cineclub Claqueta, vense organizando a Semana de Cine de Redondela (SEDECINE). Na súa sétima edición, as películas proxectadas foron as seguintes:

- Krampack
- Chicken Run
- Red Violin
- Toy story 2 (cine infantil)
- Curtametraxes da emigración galega restauradas polo CGAI (banda sonora ó vivo)

### **Cine na rúa**

Nunha improvisada sala ó aire libre na Alameda de Redondela, tivo lugar a proxección da película "Buena Vista Social Club", que estivo seguida dunha animada festa a ritmo de son cubano.

**CINE CLUB CANGAS**  
**MEMORIA ANO 2000**

O Cineclub Cangas, situado en Cangas de Morrazo, incia a súa andadura no ano 1977 realizando actividades dun xeito non continuo. Será a partir de 1985 cando as súas actividades se convirten en regulares. Dende a súa creación intenta potenciar a vida cultural da vila ofertando os cinéfilos filmes de calidade que non están incluídos nos circuitos comerciais.

Mantén unha programación regular de dúas películas ó mes.

No ano 2000 a súa programación estivo integrada polas seguintes películas, tódalas en versión orixinal:

- Ódiote meu amor
- Niagara, Niagara
- Hoxe empeza todo
- Unha viaxe dende o corazón
- Amigo amado
- A vendedora de rosas
- Segunda pel
- Under the sun
- Oriente é Oriente
- Rosetta
- Mifune
- Tres estacións
- A viaxe de Felicia
- O verán de Kikujiro
- Così ridevano
- Wonderland
- Unha historia verdadeira
- Teatro di guerra
- Acordos e desacordes

**CINE CLUB OS PAPEIROS**  
**MEMORIA ANO 2000**

O Cineclub Os Papeiros, situado en Chantada, acaba de cumprir os seus primeiros dez anos de vida.

No ano 2000 desenrolou as seguintes actividades:

XANEIRO: Entrega de premios “Lobo de Cinema” os mellores traballos audiovisuais sobre medio ambiente:

- Ficción: “La puerta” de Emilio Franco Baños
- Documental: “Viaxe o deserto” de Manuel Valcarcel
- Televisión: “Escarabajo verde” de “La 2” de TVE

AGOSTO: tivo lugar a VII Semana de Cine de Chantada cuio programa foi o seguinte:

- I Festival da Curtametraxe “Semana curta 2000”
- Proxeccións ao aire libre dos seguintes filmes:
  - Espertando a Ned
  - The boxer
  - Tocando o vento
  - Bufo gris
- Proxeccións ao aire libre das curtametraxes:
  - Lalia
  - Isolina do Courel
  - O desexo
  - O parraco embaucado
  - O matachín
  - Mamasunción
- Programa “Vídeo a carta”
- Conferencia-debate “Do cinema galego o cinema en Galicia” con Pachi Basadre e Manuel Iglesias Nanín

SETEMBRO/DECEMBRO: convocatoria das XII Xornadas de Cinema e Ecoloxía e do Premio “Lobo de Cinema” o mellor traballo audiovisual sobre medio ambiente (ficción, documental, televisión)

NOVEMBRO: I Semana de Cinema Clásico:

- O cativo
- Fort Apache
- Un día nas carreiras

XANEIRO/DECEMBRO: funcionamento de Cinemateca “Mamasunción” coa cesión gratuíta de vídeos (clásicos, cinema galego, curtametraxes), libros e música sobre cinema.

**CINE CLUB GROUCHO MARX**  
**MEMORIA ANO 2000**

O Cineclub Groucho Marx, situado na vila ourensá do Barco de Valdeorras, realizou as seguintes actividades:

**85 proxeccións ordinarias** no Salón de Actos da Casa de Cultura de O Barco.

**XI Semana de Cine** do 1 ó 10 de setembro.

**Semana de Cine educativa** en colaboración co Instituto Martaguisela.

**Celebración do Día do Mestre**

**Celebración do Día do Medio Ambiente**

**Celebración do Día da Muller Traballadora**

As películas seleccionada para todas estas actividades foron as seguintes:

- Agnes Browne
- Munford
- Summer of Sam
- Ravenus
- Ilusións dun mentireiro
- O caso Winslow
- Celos
- O barbeiro de Siberia
- Tres estacións
- Ninguén coñece a ninguén
- New Rose Hotel
- Música do corazón
- Todo sobre a miña nai
- Carta de amor
- Terapia perigosa
- Santiños
- Mentras neva sobre os cedros
- Cascabel
- Arde amor
- Como ser J. Malcovich
- O violín vermello
- Sobrevivirei
- Marta e arredores
- Oriente é Oriente
- Buena Vista Social Club
- Magnolia
- O hotel de 1 millón de dolares
- Hoxe empeza todo
- Rosetta

- Dogma
- Huracán Carter
- Operación Gonada
- O fin do romance
- Yoyes
- A princesa Mononoke
- As cinsas de Angela
- O mar
- No corazón do guerreiro
- Unha historia verdadeira
- Sei que es
- O xigante de ferro
- A lenda do pianista no océano
- Ataque verbal
- Railuy, unha noite no circo
- As virxes suicidas
- Pídelle contas ao rei
- Historia dunha gaivota
- Acordes e desacordos
- Con sangue e fogo
- San Bernardo
- Km 0
- O emperador e o asasino
- Mirka
- Fuxitivas
- Plenilunio
- A gran vida
- Woman in top
- O brother

## **CINE CLUB ALEXANDRE CRIBEIRO**

### **MEMORIA ANO 2000**

Ao longo do ano 2000, o Cineclube Alexandre Cribeiro de Moaña continuou coa súa actividade de proxeccións, exclusivamente no formato de 16 mm., non conseguindo acadar o obxectivo proposto ao inicio do ano de voltar a proxectar en 35 mm.

O problema do formato de proxeccións débese fundamentalmente a non dispor en todo o concello dunha sala de proxeccións, pública ou privada, disposta a colaborar coa nosa asociación.

A pesares de existir un cine pechado a toda actividade, o Concello de Moaña, a traverso da Concellería de Cultura, acadou un convenio que lles permitiu empregar a sala para a programación de teatro. Non contando doa posibilidade das nosas proxeccións mália terlo dito na reunión mantida co Sr. Concelleiro de Cultura.

Por enriba de todos eses contratemplos, a directiva do cineclube segue márcandose como obxectivo fundamental para a vindeira tempada a volta ás proxeccións en 35 mm, sábedonos coñecedores da dificultade que representa.

A pesares de todo o apuntado, neste ano 2000 que vén de rematar, o Cineclube Alexandre Cribeiro levou a cabo 23 proxeccións.

Para esta actividade contamos coa colaboración da **Federación de Cineclubes de Galicia** e do **Goethe Institut-Instituto Alemán** de Madrid; en concreto quince das proxección foron coa axuda da Federación e as nove restantes coa colaboración do Goethe Institut.

Tamén compre salientar que un ano máis seguimos prestando a nosa axuda desinteresada a asociación de veciños e veciñas de Berducedo-Piñeiro cun novo ciclo de "Cinema baixo o ceo dos Milagres".

De todos os ciclos desenvolvidos e das proxeccións executadas damos conta con máis detalle a continuación:

#### **Ciclo de Cine Infantil:** Xaneiro de 2000

- As aventuras de Panda
- As aventuras do Barón Munchausen

#### **Ciclo "A Literatura e o Cine Alemán":** marzo-abril 2000

- O tambor de folia de lata
- O amigo americano
- Woyzeck
- O honor perdido de K. Blum

#### **Ciclo "Maio de Medo":** maio 2000

- O Conde Drácula
- O can dos Baskerville

— Apagón en New York

**I Semana de Cine: Clásicos do Cine Mudo:** Xullo 2000

- A paixón de Xoana de Arco
- Nosferatu, o Vampiro
- Un sombreiro de palla de Italia
- O cativo
- Metrópolis

**Cine Baixo o Ceo dos Milagres:** setembro 2000. En colaboración coa AA.VV. Berducedo Piñeiro realizáronse catro proxeccións.

**Ciclo WinWenders:**

- Alicia nas cidades
- O movemento falso
- Summer in the city
- Lisboa Story
- Tres curtametraxes do director

## **CINE CLUB O POLEIRO**

### **MEMORIA ANO 2000**

O Cineclub O Poleiro foi creado en setembro de 1998, aínda que a súa inscrición no Rexistro de Cineclubs de Galicia non se fixera efectiva ata marzo de 1999.

Empezou coa finalidade de servir como xerme de promoción cultural dentro da comarca do Baixo Miño, e propoñer puntos de encontro cultural dentro da nosa comunidade.

O Baixo Miño é unha rexión, como tantas outras fora das cidades, que viviu nos últimos tempos, pouco a pouco, a desaparición dos seus cines. Nestes intreos, só o Cine Avenida da Guarda ten unha programación estable durante as fins de semana.

O Cineclub O Poleiro, polo tanto, xurdiu pola necesidade de encher ese oco cultural. O cine entendido como unha actividade artística dos nosos días non pode quedar descoñecido a unha comunidade só porque non constitúe un marco urbano grande ou está lonxe deste. Ademais estamos convencidos de que, pola actualidade do mesmo, o cine ten que ser cousa do lugar e do momento e debe ser entendido como algo propio da convivencia. Outros medios como é a televisión e os vídeos, onde se perden, neste sentido, estes elementos, só poden ser alternativas empobrecedoras, aínda que poidan servir para un achegamento máis persoal e crítico.

O noso enfoque inicial, que foi o de proxectar cada primeiro xoves do mes no Cine Avenida da Guarda unha película, mantense ata o de agora. Levamos botadas 25 películas, e podemos considera-lo proxecto consolidado.

Aínda que fixeramos algunha modificación neste tempo que levamos co cineclubo, agora, xa de un xeito normalizado, estamos a botar dous ciclos de catro películas o ano. O primeiro prográmase para os meses de outubro a xaneiro e o segundo para os de febreiro ata maio. Dende que pertencemos a Federación de Cineclubes de Galicia, estas programacións realízanse a través da mesma.

Para cada ciclo imprímense bonos a un prezo de 1200 pts. Si consideramos os prezos das películas e que temos que pagar o Cine Avenida por aluguer de sala 20.000 pts, os bonos que necesitamos vender son aproximadamente 200. Ata o momento, aínda que as veces dun xeito xusto, sempre conseguimos vender os bonos necesarios. No ano 1999 e 2000 contamos, ademais, coas subvencións da Federación de Cineclubes de Galicia o que nos axudou a rematar sen déficit os últimos ciclos.

Dado que non podemos aumentar a nosa actividade, botando máis películas e aumentando o número de ciclos, procuramos na selección aquelas longametraxes que consideramos de interese xeral, polos temas que trata, polo estilo e xénero, pola actualidade que supón no ámbito cinematográfico e pola inaccesibilidade ás proxeccións das mesmas. Tampouco queremos descoidar aqueles traballos que se están a facer na península e notamos en falta unha actividade máis intensa en Galicia. No último ciclo queremos probar a resposta do público a obras clásicas como é "To be or not to be".

A asistencia dun público fiel, interesado e colaborador danos forzas para continuar con este proxecto.

A continuación relatamos as películas que temos botado dende outubro de 1999.



- Gato negro, gato branco
- Solas
- Happiness
- Flores de outro mundo
- Hoxe empeza todo
- Afirmo Pereira
- Ghost dog
- Tres estacións
- Unha historia verdadeira
- Asfalto
- Hana— bi

## **CINE CLUB PONTEVEDRA**

### **MEMORIA ANO 2000**

#### PROGRAMACION REGULAR NO *ESPACIO DA CULTURA DE CAIXA MADRID*

- Os ociosos
- O trío da bancina
- Hana-bi
- Frankenstein
- Conto de outono
- A venus rubia
- Hoxe empeza todo
- O expreso de Shangai
- Chuvia nos zapatos
- Flores de outro mundo
- A arca de Noe
- Eu disparei a Andy Warhol
- O terceiro home
- Rosetta
- Cabalos salvaxes

#### **Ciclo de Cine Galego**

- Se o sei non veño
- Arde amor
- Curtametraxes do CGAI
- Disonancias
- A lingua das bolboretas
- Polisóns
- A rosa de pedra
- Amor serrano
- Dame algo
- Ariel
- A dama de Shangai
- Nenos do paraíso
- A fiestra
- Deuses e monstros
- O pozo da angustia
- Little voice
- A herdeira
- Finais de agosto principios de setembro
- A ronda
- O violín vermello
- Ricardo III
- O quinteto da morte
- Dies Irae
- Soas
- Un verán con Mónica

- Munford
- Ahí está o detalle
- O verán de Kikujiro
- A venus rubia

## PROGRAMACIÓNS ESPECIAIS

### — **Noites abertas. Cine forum**

Patrocinado pola Concellería de Xuventude do Concello de Pontevedra

- O verdugo
- O odio
- A vendedora de rosas
- Hoxe empeza todo

— **Mostra de curtametraxes en Bertola.** Organiza Ateneo “O toxal”. Colabora Cine club Glober Rocha, Artes Amazonas, Universidade de Colombia, Orlando Aguilera Martinez, E.I.S. A Coruña, TVG.

- A repesca
- O sangue do inimigo
- A gran liquidación
- Coruña imposible
- Mátame uns cantos
- A vida é unha dor
- Recordos dun amante neurótico
- Cuba libre
- Sabes que te quero
- Nolti corta
- Ratas
- Xogos
- Liña de teléfono
- Vaite de min

## CICLO DE CINEMA DEPORTIVO

Colaboración con Instituto Municipal de Deportes

- Carros de fogo
- Cando fomos reis

## CICLO DE CINEMA E HUMOR

Colaboración coa Concellería de Cultura do Concello de Pontevedra

- O maquinista da xeneral
- Desmontando a Harry
- Día de festa
- O vento levouse o que
- O milagre de P. Pinto

CICLO DE CINE MUDO no Espacio Cultural Camaway

- Antoloxía Lumiere
- Viaxe a lúa
- Melies programa 3
- A conquista do polo
- O grande roubo ó tren
- Segundo de Chomon
- Griffit: cortos primitivos, cortos plenitude
- Griffit: Westerns
- Tartufo
- Os ociosos
- Fausto
- Día de paga
- Nosferatu

#### CICLO DE CINE CUBANO

Organiza Amigos de Cuba de Pontevedra. Colabora: Concello de Pontevedra, Diputación de Pontevedra, Xunta de Galicia, Caixa Nova, Aula Castelao de Filosofía e Consulado Xeral da Republica de Cuba.

- A vida é silbar
- Videografía do Che Guevara
- Buena Vista Social Club

#### CICLO LUIS BUÑUEL

Organiza Ateneo de Pontevedra, en colaboración con Caixa Nova, Universidade de Vigo, Filmoteca Española, Concello de Pontevedra e Xunta de Galicia.

- Un perro andaluz
- Viridiana
- A idade de Ouro
- As hurdes
- Os olvidados
- El
- Ensaio dun crimen
- Así é a aurora
- Tristana
- O fantasma da liberdade
- Belle de jour
- A propósito de Buñuel
- O discreto encanto da burguesía

#### CICLO ARQUITECTURA NO CINEMA

En colaboración co Colexio de Arquitectos de Pontevedra, Concello de Pontevedra, Caixa Madrid, Goethe Institut, Comisión de cultura.

- Tendencias años 20
- Walter Gropius
- Hans Sharoum

- O gabinete do Dr. Caligari
- O golem
- O último
- Metrópolis
- A alegre divorciada
- Asfalto
- O mago de Oz
- O manantial
- O trio da bencina
- Mi tío
- Brazil
- Bola de lume
- Marañas na tarde
- Alicia nas cidades
- Caro diario
- Tormenta de xeo
- O show de Truman

#### CICLO DE CINEMA DE NADAL

En colaboración co Concello de Pontevedra

- Dúas semanas noutra cidade
- Grupo salvaxe
- Matar un reiseñor
- O silencio dun home